

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2033 *Real decreto 116/2013, do 15 de febreiro, polo que se regula a expedición do pasaporte provisional e do salvoconduto.*

O Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características, establece que a competencia para a expedición do pasaporte ordinario no estranxeiro lles corresponde ás misións diplomáticas e oficinas consulares españolas e que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación lle debe comunicar ao Ministerio do Interior as relacións de pasaportes expedidos.

O Regulamento (CE) n.º 2252/2004 do Consello, do 13 de decembro de 2004, sobre normas para as medidas de seguridade e datos biométricos nos pasaportes e documentos de viaxe expedidos polos Estados membros, modificado polo Regulamento (CE) n.º 444/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de maio de 2009, estableceu a obriga de que os pasaportes cunha validez superior a doce meses conteñan un soporte de almacenamento de alta seguridade que inclúa a imaxe facial e dúas impresións dactilares do seu titular.

A complexidade técnica que supón a expedición do novo modelo de pasaporte ordinario impediu dotar as misións diplomáticas e oficinas consulares españolas dos medios técnicos necesarios para a súa expedición local, que se leva a cabo de forma centralizada no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Malia o anterior, existen situacións nas cales se acredita a necesidade urxente de lle expedir pasaporte ordinario a un cidadán español que se encontra no estranxeiro e non ten previsto regresar a España, o cal se soluciona na actualidade mediante o modelo antigo de caderno de pasaporte, que carece das normas mínimas de seguridade exixibles pola normativa da Unión Europea.

Para solucionar estas situacións, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación encomendoulle á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre a elaboración dun novo modelo de pasaporte que, baixo a denominación de provisional, permita a súa expedición inmediata por parte das misións diplomáticas e oficinas consulares españolas en casos de urxencia debidamente acreditada.

Así mesmo, resulta necesario regular o salvoconduto, documento de viaxe que se expide aos cidadáns españois que carecen de documentación e precisan regresar a España de modo urxente e aos estranxeiros cuxa protección internacional fose asumida polo noso país ou sexan autorizados a trasladarse a España para solicitar protección internacional.

Na súa virtude, por proposta dos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Natureza do pasaporte provisional e funcións.*

1. O pasaporte provisional é unha modalidade de pasaporte ordinario que se lles poderá expedir aos cidadáns españois nas misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas cando non sexa posible expedir o modelo que incorpora o soporte de almacenamento dos identificadores biométricos.

2. Acreditará fóra de España a identidade e a nacionalidade dos cidadáns españois salvo proba en contrario e, dentro do territorio nacional, as mesmas circunstancias daqueles españois non residentes.

3. O dereito á súa obtención, o procedemento de expedición, a súa substitución, anulación, retirada e obrigas dos seus titulares rexeranse polo establecido na normativa reguladora da expedición do pasaporte ordinario.

Artigo 2. *Órganos competentes para a xestión e expedición do pasaporte provisional.*

Correspóndelles a tramitación e a expedición dos pasaportes provisionais ás misións diplomáticas e oficinas consulares de carreira españolas.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicarlle ao Ministerio do Interior (Dirección Xeral da Policía), cunha periodicidade máxima de dous meses, polo procedemento informático e telemático que fixen ambos os dous departamentos, as relacións de pasaportes provisionais expedidos polas distintas representacións diplomáticas e consulares.

Artigo 3. *Procedemento de expedición.*

O pasaporte provisional seralles expedido aos españois que o soliciten ante as misións diplomáticas ou oficinas consulares de carreira españolas e que acrediten a necesidade urxente da súa obtención, por non ter previsto regresar a España e non poder esperar a que lles sexa expedido un pasaporte ordinario.

Os requisitos e o prazo de expedición serán os mesmos que os establecidos na normativa reguladora do pasaporte ordinario.

Artigo 4. *Validez do pasaporte provisional.*

O pasaporte provisional terá como máximo unha validez improrrogable de doce meses e seranlle de aplicación as demais prescricións que, sobre a validez, establece a normativa reguladora do pasaporte ordinario.

Artigo 5. *Características e descrición do pasaporte provisional.*

1. O pasaporte provisional estará constituído por un caderno que, ademais das cubertas, terá 16 páxinas numeradas correlativamente. O número de páxinas do pasaporte irá indicado ao pé da última delas en castelán, francés e inglés.

2. As súas dimensións serán de 88×125 milímetros, cunha marxe de tolerancia de 0,75 milímetros para cada un dos lados.

3. A cuberta será de cor verde e figurarán, na orde que a continuación se detalla, as seguintes inscricións:

- a) «ESPAÑA».
- b) A figura impresa do escudo de España.
- c) «PASAPORTE PROVISIONAL».

4. Cada pasaporte provisional contará cun número de serie que se repetirá en todas as súas páxinas, agás na primeira e na segunda, mediante perforación, e, ademais, aplicaranse na súa confección cantas medidas de seguridade se consideren necesarias.

Artigo 6. *Contido.*

1. Na primeira páxina do pasaporte provisional figurarán, na orde que se sinala a seguir, as seguintes mencións:

- a) «ESPAÑA».
- b) A figura impresa do escudo de España.
- c) «PASAPORTE PROVISIONAL».

- d) «EMERGENCY PASSPORT».
- e) «PASSEPORT PROVISOIRE».

2. A segunda páxina estará plastificada cunha lámina de seguridade, que incorporará medidas gráficas e ópticas, así como unha imaxe fantasma para evitar a súa manipulación, e conterá as seguintes mencións:

- a) O número do pasaporte, que coincidirá co de serie do caderno.
- b) Un número identificador persoal, que será o da inscrición do seu titular no Rexistro de Matrícula Consular.
- c) A misión diplomática ou oficina consular expedidora.
- d) Os apelidos, o nome, a nacionalidade, a data e o lugar de nacemento e o sexo, así como as datas de expedición e caducidade do pasaporte. Conterá, igualmente, a sinatura dixitalizada do titular, para cuxo efecto, para prestala, deberá acudir ás unidades expedidoras.

Estas mencións redactaranse en castelán, inglés e francés.

- e) A fotografía dixitalizada do titular.
- f) Dúas liñas de caracteres OCR na parte inferior da páxina para a lectura mecánica dos datos.

3. A terceira páxina reservarase ás autoridades competentes para expedir este documento, co fin de que nela se poidan recoller as observacións que en cada caso procedan. A mención que figurará na cabeceira desta páxina redactarase en castelán, inglés e francés.

4. A cuarta páxina conterá a tradución en francés e inglés dos datos que figuran na páxina segunda.

5. Tamén se destinará outra das súas páxinas á reprodución parcial das disposicións que regulan os pasaportes e a unha reprodución do artigo 23 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, reservando o resto das páxinas para visados.

Artigo 7. *Natureza do salvoconduto e funcións.*

O salvoconduto é un documento público, persoal, individual e intransferible, expedido polas misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas nos supostos recollidos no artigo seguinte, co único fin de lle permitir ao seu titular desprazarse a España desde o lugar de expedición.

Artigo 8. *Dereito á obtención do salvoconduto por parte dos cidadáns españois e posibilidade da súa expedición a cidadáns estranxeiros.*

1. Todos os cidadáns españois teñen dereito a que se lles expida un salvoconduto de precisaren desprazarse a España e careceren de pasaporte ordinario ou provisional.

A obtención de salvoconduto por cidadáns españois suxeitos á patria potestade ou tutela estará condicionada ao consentimento expreso da persoa ou órgano que teña asignado o seu exercicio ou, no seu defecto, do órgano xudicial competente.

2. As misións diplomáticas ou oficinas consulares españolas, logo de autorización expresa da Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares e Migratorios do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, poderán expedir salvocondutos a estranxeiros cuxa protección internacional fose asumida por España en aplicación da lexislación española.

Así mesmo, coa autorización expresa previa mencionada no parágrafo anterior, poderán expedir salvocondutos para promover o traslado do ou dos solicitantes de protección internacional a España para facer posible a presentación da solicitude, conforme o previsto no artigo 38 da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

3. A autorización para a expedición do salvoconduto a un estranxeiro, nos casos que se mencionan no número anterior, estará sometida ao informe previo favorable da Oficina de Asilo e Refuxio do Ministerio do Interior.

Artigo 9. Validez do salvoconduto.

O salvoconduto terá unha vixencia limitada ao tempo estritamente necesario para o regreso a España do seu titular, sen que poida ter unha validez temporal superior á data prevista para a entrada efectiva do seu titular en territorio español.

Artigo 10. Obrigas dos titulares dun salvoconduto.

Os titulares dun salvoconduto deberán entregalo aos funcionarios do corpo nacional de Policía encargados do control de entrada en España ou, de ser o caso, nunha comisaría do corpo nacional de Policía no prazo máximo de tres días hábiles desde a súa entrada en España.

No caso de estranxeiros cuxa protección internacional fose asumida por España ou cando o salvoconduto sexa expedido para o traslado dun solicitante de protección internacional ao noso país, o seu titular deberá entregalo na Oficina de Asilo e Refuxio do Ministerio do Interior no prazo máximo de tres días hábiles desde a súa entrada en España.

Artigo 11. Características e descrición do salvoconduto.

1. O salvoconduto expedirase nunha folla de papel coa cabeceira da misión diplomática ou oficina consular, segundo o modelo que figura no anexo.

2. No extremo superior dereito fixarase unha fotografía do rostro do solicitante tamaño carné, en cor e con fondo claro, liso e uniforme, tomada de fronte, e sen lentes de cristais escuros ou calquera outra peza que impida a identificación da persoa.

3. O texto do salvoconduto, en caso necesario, poderá ser traducido a outros idiomas pola misión diplomática ou oficina consular que o expida.

4. O salvoconduto irá asinado polo funcionario español que o expide e deberá levar estampado o selo da misión diplomática ou oficina consular.

5. O salvoconduto expedirase gratuitamente e incorporará a súa data de validez.

Disposición transitoria. Validez dos pasaportes expedidos.

O novo modelo de pasaporte provisional irase implantando progresivamente na medida en que as circunstancias de orde técnica o permitan. Os pasaportes que fosen expedidos ou sigan expedíndose co modelo de caderno anterior conservarán a súa validez ata que expire o período polo cal foron expedidos.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula o pasaporte ordinario e se determinan as súas características.

O artigo 5.7 do Real decreto 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula o pasaporte ordinario e se determinan as súas características, queda redactado nos seguintes termos:

«7. Cando se trate dun solicitante de pasaporte que se encontre no estranxeiro e careza do pasaporte que se lle expedise, ben por perda ou subtracción, ou ben por atoparse nun país ao cal se pode viaxar sen pasaporte, a misión diplomática ou oficina consular poderá expedirlle un pasaporte provisional, coas características e a validez determinadas regulamentariamente.»

Disposición derradeira segunda. Non incremento de gasto.

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento nin de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira terceira. *Habilitacións.*

Habíltese o titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para que, logo de informe favorable do Ministerio do Interior, dite as disposicións de desenvolvemento necesarias para a execución deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO



ESPAÑA / SPAIN / ESPAGNE

SALVOCONDUTO / SAFE CONDUCT / LAISSEZ-PASSER

Expídeselle este salvoconduto, válido unicamente para viaxar a España, a quen di ser e chamarse / ha
issued this safe conduct, which is only valid for travel to Spain, to the person identifying him / herself as / délivre l
présent laissez-passer, valable uniquement pour se rendre en Espagne, à la personne se présentant comme:

.....
Nacionalidade / nationality / nacionalité

Documento de identidade / Identity Document / Document d'identité

Sexo / sex / sexe M / F

Nome dos pais / parents' name / prénom des parents

Nado en / born in / né à

O / on / le

Domiciliado en / resident in / domicilié à

Rúa / address / adresse

Que ten previsto viaxar coa compañía, data / who intends to travel with, date / ayant prévu voyager avec l
compagnie, date

Observacións / observations / observations

Localidade / In / Fait à o / on / le

O FUNCIONARIO HABILITADO

Asdo.

CADUCA O / EXPIRES ON / VALABLE JUSQU'À